



Resolución do 18 de febreiro de 2015 polo que se aproba e publica a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso de selección para a cobertura do posto de director/a do Centro Galego de Arte Contemporánea

En virtude do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, poló que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e do Decreto 326/1996, do 26 de xullo, de regulamentación do Centro Galego de Arte Contemporánea, e de acordo co establecido na base sétima da convocatoria publicada por Orde do 25 de setembro de 2014, pola que se convoca a provisión do posto de director/a do Centro Galego de Arte Contemporánea (DOG número 191, do 7 de outubro de 2014),

Resolvo:

Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a cobertura do posto de director/a do Centro Galego de Arte Contemporánea, que se xunta como anexo a esta resolución.

Publicar a listaxe na páxina web do CGAC (<http://cgac.xunta.es>), así como na páxina web de Cultura da Xunta de Galicia (<http://cultura.gal>) e no taboleiro de anuncios do Centro Galego de Arte Contemporánea, con indicación das causas de exclusión.

Esta publicación, de acordo con a base sétima da convocatoria que rexe este proceso, implica a desestimación das alegacións ou emendas formuladas por aqueles/as aspirantes que quedan definitivamente excluídos/as.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou poderá impugna-la directamente, ante o xulgado do contencioso- administrativo competente, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, segundo a lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

O Conselleiro
P.D. (Orde do 25.1.2012)
O secretario xeral técnico



Jesús Oitavén Barcala



ANEXO
LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

ADMITIDOS/AS

Solicitante	NIF	Estado
CELIA DEL DIEGO THOMAS	39720827B	ADMITIDA
JUAN ANTONIO DE NIEVES LAMAS	32768204N	ADMITIDO
MANUEL SEGADE LODEIRO	32829867N	ADMITIDO
JAVIER GONZALEZ-HONTORIA BERASATEGUI	50856186N	ADMITIDO
SANTIAGO OLMO GARCÍA	51341435F	ADMITIDO

EXCLUÍDOS/AS

Solicitante	NIF	Estado	Causa de exclusión
XOSÉ MANUEL BUXÁN BRAN	15372632F	EXCLUÍDO	Solicitud presentada fóra de prazo